



ACTA DO XURADO DO CONCURSO DE PROXECTOS PARA A SELECCIÓN DUN ELEMENTO IDENTIFICATIVO PARA OS CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

En Santiago de Compostela, sendo as 17:00 horas do martes 14 de xuño de 2016, reúñese en formato presencial o Xurado do concurso de proxectos para a selección dun elemento identificativo para os colexios da Xunta de Galicia.

De acordo co previsto nas Bases do Concurso, o Xurado está integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

O Sr. Decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia D. Antonio Maroño Cal, arquitecto

VOGAIS:

O Sr. D. Cristobal Crespo González, arquitecto representante da Xunta de Goberno do COAG, conforme ao seu acordo da sesión 7/2016 de 26 de maio.

O Sr. D. Juan José Creus Andrade, designado polos arquitectos inscritos como participantes no devandito concurso.

O Sr. D. Rogelio Carballo Solla, como representante designado pola Confederación galega de ANPAS de Centros públicos (CONFAPA).

SECRETARIO:

O Sr. Secretario da Xunta de Goberno do COAG, D. Jose Luis Sanmiguel Guerreiro, con voz pero sen voto.

O Sr. Secretario comenta que o Sr. D. Felipe Peña Pereda, foi designado membro do Xurado como arquitecto de recoñecido prestixio nomeado pola Xunta de Goberno do COAG, conforme ao seu acordo da sesión 7/2016 de 26 de maio, non obstante na mañá de hoxe comunicou a súa imposibilidade de asistir á presente sesión.

O Sr. Secretario indica que, conforme ao previsto nas bases do concurso, a constitución do xurado considerarase válida sempre que asistan, previa convocatoria, o Presidente, o Secretario e a metade do resto dos seus integrantes.

Conforme ao anterior, dase por constituído o xurado, que comeza as súas deliberacións.

Antes de comezar, o Sr. Secretario quere deixar constancia en acta de que no día de onte se habilitou o acceso aos membros do Xurado á plataforma web onde figuraban as propostas presentadas para que puidesen revisalas e proceder á verificación da documentación técnica e a admisión definitiva das propostas, mantendo en todo momento a confidencialidade necesaria para realizar a súa labor coa obxectividade debida.

I. M.ESPO

A. M.ESPO

M. M.ESPO

J. M.ESPO
1 de 3



Por outra parte, o Sr. Secretario indica que o resultado da votación entre os participantes para designar ao membro da Xurado, foron escollidos os seguintes arquitectos que non puideron atender o compromiso de formar parte do Xurado polas circunstancias que se indican:

- 1º MANUEL GALLEGOS JORRETO, non foi posible localizalo.
- 2º CARLOS QUINTÁNS EIRAS, declina a invitación ao non poder estar dispoñible o luns día 13 para facer a revisión previa das propostas presentadas.
- 3º ALBERTO NOGUEROL DEL RÍO, declina a súa participación porque un colaborador seu ten a intención de participar.
- 4º JUAN CREUS ANDRADE, que acepta colaborar como membro do Xurado.

O Sr. Secretario procede a informar que en total se presentaron en prazo un total de 8 propostas, cos seguintes lemas:

- MOL3CUL4S
- LIBROS APIADOS
- XXYX
- INTERCONECTABLES
- PITAGO345
- RUMOROSOS
- STICKERS
- SERENDIPIA

Os membros do xurado declaran non ter constancia da existencia de incompatibilidades con ningún dos participantes no concurso. Por outra parte, o xurado manifesta que, tras a verificación da documentación técnica, acorda admitir todas as propostas presentadas.

A continuación, o xurado procede á análise conxunta das propostas e a súa valoración, emitindo ditame razoado que o fundamente sobre a base dos criterios de selección apuntados no prego de bases do concurso, seleccionando aos finalistas e ao gañador.

A valoración das propostas centrarase na súa calidade, estudiada desde a complexidade específica do concurso avaliando ademais as cuestións establecidas no apartado nº 06 destas bases referentes ao programa de necesidades.

En conclusión, o Xurado decide:

- por unanimidade designar como único premiado, á proposta presentada baixo o lema:
 - INTERCONECTABLES

e, tamén por unanimidade outorgar dous áccésits, sen asignación económica según do admisible polas bases do concurso, ás propostas presentadas baixo os lemas: STICKERS e XXYX.

L.M3R0 ~~AA~~ M. X-

2 de 3



O Xurado destaca, da proposta gañadora, o cumprimento estricto das condicións de partida sinaladas nas bases, valorando específicamente a modulariedade da solución, permitindo así a adaptación a moi diversas situacions e condicións de partida, e tratándose dun proxecto desenvolto técnicamente ao nivel necesario para a sua construcción, factible, de montaxe sinxela e perfectamente reversible. Tamén, no caso dos dous áccesits, destaca na proposta "Stickers" a resposta cunha imaxe potente e clara ao obxecto do concurso, sendo, sen dúbida, identificativo, aínda que sen responder de xeito tan claro a demandas das bases como a modulariedade ou a funcionalidade-; e da proposta XXYX destácase a rotundidade formal e a relevancia de proponer un tótem coma elemento icónico, aínda que con eivas no canto da sua definición construtiva e estructural.

Valóranse, en todas as propostas, a claridade propositiva, a elevada calidade da presentación e desenvolvemento da documentación presentada e a capacidade de resposta áos requerimentos do prego.

Finalizada a intervención do xurado no proceso de valoración de propostas e emitido o seu fallo, o xurado procede a desvelar a autoría das propostas premiadas e destacadas, levantando acta da súa deliberación e decisión para que sexa trasladada á organización colexial para a súa publicación. Mediante un mecanismo seguro e con acceso rexistrado, obtéñense a través da plataforma de xestión de propostas os datos identificativos do autor/a da proposta gañadora, ao que se lle notificará de maneira e forma fidedigna a súa condición de gañador/a, comunicando tamén esta circunstancia á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria da Xunta de Galicia.


Levántase a sesión ás 19:25 h. coa sinatura de todos os membros do xurado:




D. Antonio Maroño Cal




D. Cristobal Crespo González



D. Juan José Creus Andrade



D. Rogelio Carballo Solla



D. Jose Luis Sanmiguel Guerreiro

